




FONTES DO MIÑO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 7 km (lineal)
Dificultade: baixa
Duración: 2-3 horas


As orixes do Miño están en todas as fontes das abas do oeste da serra de Meira, aínda que as máis coñecidas e emblemáticas de todas elas atópanse debaixo dunha curiosa agrupación de rochas coñecida como Pedregal de Irimia; pero tradicionalmente considerouse como fonte do río a surxencia de Fonmiñá, que se atopa varios quilómetros máis abaixo, no concello da Pastoriza, ao pé da que pasa un río Miño ben formado e que xa recibeu augas de varios afluentes.

O curso alto do río Miño e os seus afluentes forma parte do espazo TERRAS DO MIÑO, declarado pola UNESCO Reserva da Biosfera o 7 de novembro de 2002.

Propoñemos unha andaina para achegarnos a estes lugares representativos na vida, no curso e na historia do río máis importante do país.

COMO CHEGAR:

Do Pedregal de Irimia a Fonmiñá, ou de Meira ao Pedregal de Irimia e a Fonmiñá. En calquera dos tres sitios podemos comezar e rematar a camiñada. Se comezamos en Meira podemos escoller se ir primeiro ao Pedregal ou a Fonmiñá. Se optamos polo Pedregal podemos facelo desde a Praza Maior, rodeando e deixando á dereita a igrexa de Santa María logo atopamos un indicador ao Pedregal e nacemento do Miño, pasamos polas localidades de Enfermería e As Corvaceiras, e un pouco máis adiante collemos un desvío á dereita que nos leva, en 700 m, ao Pedregal. Facemos a volta polo mesmo camiño. Á ida ou á volta podemos facer unha parada e un descanso á sombra dos carballos á beira dun Miño primordial na área recreativa de Porto da Pena lugar de xuntanza festeira dos vaciños de Meira. De volta en Meira para continuar a nosa camiñada cara a Fonmiñá achegámonos ao río na ponte, e acompañamos o seu curso ao longo da área recreativa Profesor Río Barja (un amplo parque, en desenvolvemento e cunha fermosa iniciativa de plantación de especies autóctonas por parte dos escolares da localidade, que acolle ao tempo un interesante contido temático sobre as árbores e información, en fichas, sobre as máis representativas) ao remate do mesmo atopamos unha ponte e unha estrada que hai que cruzar para achegarse ao Gruñedo onde colleremos o cruce á esquerda, en baixada, e no seguinte empalme á dereita ata chegar á igrexa do Salvador de Fonmiñá ao pé do río onde comeza o roteiro "Augas de Fonmiñá" do concello da Pastoriza, homologado como PR-G 153. Seguindo as indicacións do roteiro, uns 600 m, chegamos ao noso destino. A ruta tamén se pode facer en coche porque vai case toda por estradas e pistas asfaltadas, a non ser na área recreativa Profesor Río Barja, e apartada do río, ao que non hai máis acceso que nas áreas recreativas e nas pontes. Se se fai en coche o acceso ao Pedregal de Irimia é polo mesmo camiño que a pé, pero para achegarse a Fonmiñá o máis doado e saír de Meira en dirección a Lugo, logo, a uns 2 km collemos o desvío á dereita a Mondoñedo e Vilalba; e na rotonda cara a Lourenzá, e a uns 300 m, antes da primeira curva, á dereita da estrada, atópase a lagoa.



O Miño no Pedregal de Irimia.



Pedregal de Irimia

Está situado na aba occidental da Serra de Meira a uns 800 m de altitude. É unha coada de orixe periglacial de bloques e derrubes de cuarcitas que se orixinou como consecuencia dos ciclos de xeo-desxeo da última glaciación do Cuaternario (hai 18.000 a 13.000 anos). O rego que baixa polo medio do Pedregal é unha das nacentes do Miño, que se xunta cos regatos Feás e Porto da Pena antes de Meira.



Área recreativa de Porto da Pena (Meira).



O Miño en Meira



Área recreativa "Profesor Río Barja" en Meira.



Lagoa de Fonmiñá

É unha masa de auga orixinada por unha surxencia en rochas calcarias onde a auga sae a borbollóns que incrementan o caudal do Miño. Nas beiras da lagoa hai salgueiros, bidueiros, ameneiros e carballos, ao pé da auga espadanas, molinia, herba ulmeira, raíña dos prados, pe de boi...

